

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

*EXTRACTO da Orde do 27 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións destinadas á creación de viveiros industriais de empresas en parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento IN541A).*

BDNS (Identif.): 606974.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Beneficiarios*

Concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo. *Obxecto*

Construción, reforma e/ou equipamento interior de naves industriais, co fin de crear un viveiro industrial de empresas.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 27 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións destinadas á creación de viveiros industriais de empresas en parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento IN541A).

Publicadas no *Diario Oficial de Galicia*.

Cuarto. *Contía*

Anualidade 2022: 750.000,00 €.

Anualidade 2023: 750.000,00 €.

Importe total da convocatoria: 1.500.000,00 €.



Intensidade das axudas: 80 % do importe total considerado como subvencionable, cun máximo de 240.000,00 € por solicitude (só se admite unha solicitude por concello).

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Un mes contado desde o día seguinte ao da publicación da Orde do 27 de decembro de 2021 no *Diario Oficial de Galicia*.

Sexto. *Outros datos*

Poderase anticipar ata o 25 % do importe da subvención concedida.

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2021

Francisco Conde López  
Vicepresidente segundo e conselleiro de Economía,  
Empresa e Innovación

